

Ana María Múgica Martínez

Primeira catedrática de Ciencias da Escola Normal de Mestras de Lugo



Naceu en San Sebastián o 8 de decembro de 1898, e morreu en Lugo o 19 de decembro de 1981.

Seus pais foron Luis Múgica Galazdi (San Sebastián, Guipúzcoa, empregado) e Juana Martínez Bolinaga (Valmaseda, Vizcaya, ama de casa). Seus avós paternos foron Ramón Múgica (Tolosa, Guipúzcoa) e María Ana Galazdi (Hernani, Guipúzcoa), e os maternos Eusebio Martínez (Barria, Álava) e María Micaela Bolinaga (Villareal, Álava). Tivo cinco irmáns: Soledad (profesora de Francés na Escuela Normal de Maestras de Gui-

púzcoa), Carmen, Javier, Tomás e Luis. Casou o 5 de decembro de 1932 en San Sebastián con José Benito Pardo y Pardo (Lugo, enxeñeiro militar), co que tivo tres fillos: José Benito (enxeñeiro industrial), Ana María (licenciada en Psicología) e Carmen (licenciada en Economía).

Estudos de Primaria e superiores

Ana María estudou Primaria en San Sebastián. Fixo os estudos de Mestra entre 1915 e 1918 en Madrid, na Escuela Normal de Maestras, coñecida como "de Normalistas" (prestixiosa escola naqueles tempos).

Ademais, graduouse en alemán pola Höhere Mädchenschule Pasing de Munich.

Carreira profesional

Foi docente gratuita na Escuela de Hogar para Obreras Concepción Arevalo de Guipúzcoa entre 1924 e 1927.³²

³² AHUS, Fondo Universitario, Escola de Maxisterio de Lugo, F.U. 4351, Exp. 26 .

—Otra nombrando Profesora numeraria de Física, Química e Historia Natural de la Escuela Normal de Maestras de Lugo a doña Ana María Múgica Martínez.

Posteriormente, foi profesora numeraria de Física, Química e Historia Natural da Escuela Normal de Maestras de Lugo (Gaceta de Madrid, 30 de marzo de 1928, número 522).

Ocupou cargos académicos³³ deseguido na súa vida profesional: foi directora da Escuela Normal de Maestras de Lugo, a proposta do claustro de profesores, desde o 8 de maio de 1931 ata decembro de 1933; directora da Escuela de Magisterio Masculina Obispo Basulto de Lugo desde 1957 ata 1960; directora da Escuela de Magisterio Feminina Santa María de Lugo de 1960 a 1964; directora da Escuela de Magisterio de Lugo desde 1964 ata o 5 de decembro 1967. Xubilouse en decembro de 1968.

Viviu o traslado da Escola de Maxisterio desde unhas dependencias do Pazo da Deputación á súa nova sede no ano 1954.

Outros datos

Impartiu unha conferencia no “El congreso de estudios vascos” o 31 de xullo de 1926 (El telegrama del Rif, Vitoria), ademais de diversas charlas en Lugo.

Foi unha profesora moi querida polo alumnado. Existen diversas referencias sobre como ía cos alumnos e alumnas de viaxe de estudos, por exemplo a Ferrol para ver a botadura do Baleares (El Pro-



EL TELEGRAMA DEL RIF

El Congreso de estudios vascos. La sesión de clausura

Vitoria 31

En las sesiones celebradas por el Congreso de estudios vascos han dado conferencias doña Ana María Múgica, don Juan Mendizábal, el padre Juan Luis Ladrinagal y el catedrático de la Facultad de Medicina de Madrid, señor Simonena.

Los congresistas han efectuado hoy varias visitas, entre ellas la del ferrocarril de Vitoria a Estella, elogiando su instalación.

Mañana se celebrará con toda solemnidad la clausura del Congreso.

³³ La Formación del Magisterio Lucense durante el Franquismo: Contexto Institucional y Transmisión Ideológica a través de la Enseñanza de la Geografía de España (1950–1967). Francisco Rodríguez Lestegás. Innovación Educativa, nº 14: pp. 279–298, ISSN 1130-8656, 2004.

greso, 17 de marzo de 1932), ou sobre como os recibía á volta doutras viaxes (El Progreso, 1 de maio de 1931). Tamén queda rexistro da festa de despedida de solteira que lle fixeron as súas alumnas no Hotel Méndez Núñez (El Progreso, 1932). Interesábase pola vida delas, chegando a visitar a algunha enferma ou con mala situación económica.



Otra excursión escolar

En las primeras horas de la mañana de ayer, salieron en automóvil, en excusión cultural, para Santiago, Villagarcía, Orense y otras poblaciones de Galicia, las alumnas del cuarto curso de la Escuela Normal de maestras de esta ciudad, acompañadas por las profesoras de dicho centro doña Regina Lugo, doña Carmen Cárpiñero y doña Ana María Música.

Las excursionistas regresarán a Lugo, probablemente, el próximo lunes.

Junta provincial de protección de menores

Bajo la presidencia del gobernador civil Sr. Torres Martínez se reunió ayer por la tarde la Junta provincial de protección de menores.


El Sr. Torres Martínez, expuso a los reunidos la necesidad de reorganizar ampliamente la actuación de dicha Junta, con el objeto de poder conseguir la desaparición de la mendicidad que muchos menores vienen realizando en las calles de la población.

Con tal motivo se designó una ponencia formada por la directora de la Escuela Normal, D.^a Ana María Música; el director del Instituto, D. Alfredo Rodríguez Labajo, y el inspector provincial de Sanidad, D. Julio Freijes Malinche, cuyos señores estudiarán la labor a desarrollar no solo en la capital, sino en toda la provincia.


Tambiéu estudiarán dichos señores, para conseguir lo que se propone la Junta, la forma de llevar a cabo una labor de conjunto, con la cooperación del Ayuntamiento y la Diputación.

Por outra banda, participou como poñente en actividades relacionadas coa Junta Provincial de Protección de Menores, como o relatorio encargado de elaborar as medidas a tomar para evitar a mendicidade de menores nas rúas (El Progreso, 11 de marzo de 1933).

Polos seus coñecementos de alemán colaborou na tradución da "Historia del Arte en todos los tiempos y pueblos" de Karl Woenmann (WOERMANN, Karl, 6 tomos. Editorial Saturnino Calleja, Madrid, 1930).



Orla da promoción 1955-56, no novo edificio da Escola de Maxisterio.



PIONEIRAS DE CIENCIAS DE LUGO

M^a ISABEL FERNÁNDEZ GARCÍA